

Se (If)

Rudyard Kipling

Tradución de Miguel Anxo Mouriño



ATG
asociación de
tradutores
galegos

IF

--

SE

NOTA DO TRADUTOR

Para facer a versión deste famoso poema de Rudyard Kipling impúxenme a obriga de respectar algunhas das características que conforman o orixinal. O primeiro reto, como é obvio, foi o de intentar non cambiar a substancia semántica do poema, tratando de non engadir nin quitar nada e de non eliminar ou inventar imaxes e comparacións. A segunda é unha consecuencia inmediata da observación da importancia que o autor lle deu á repetición da palabra If, tanta que lle dá nome ao poema, polo que considerei primordial repetir a súa versión Se as mesmas veces e nas mesmas situacións. Quixen, ademais, completar o sentido das cláusulas no mesmo espazo utilizado polo autor e na mesma orde, de modo que cada verso da versión galega traduza íntegramente o seu correspondente orixinal; respecteí tamén a forma externa de agrupamento dos versos, incluso as maiúsculas de certas palabras. Outro dos retos foi o de manter a estrutura en cuartetos con rima consoante na secuencia A - B - A - B que elixiu o autor con versos isosilábicos de 11 sílabas, así como intentar respectar o ritmo facendo un estudo dos acentos existentes no orixinal; o primeiro que se observa é que os versos impares son paroxítonos e os pares oxítonos, característica que respecteí na versión; observeí, e trateí de respectar, que os acentos recaen nas sílabas pares, sendo os principais os da 2ª, 6ª e 10ª. Naturalmente estou falando de metas perseguídas pero non sempre conseguídas dada a considerable dificultade que encerra moverse dentro de tan axustado corpiño.

IF

If you can keep your head when all about you
Are losing theirs and blaming it on you,
If you can trust yourself when all men doubt you,
But make allowance for their doubting too;
If you can wait and not be tired by waiting,
Or being lied about, don't deal in lies,
Or being hated, don't give way to hating,
And yet don't look too good, nor talk too wise.

If you can dream - and not make dreams your master;
If you can think - and not make thoughts your aim;
If you can meet with Triumph and Disaster
And treat those two impostors just the same;
If you can bear to hear the truth you've spoken
Twisted by knaves to make a trap for fools,
Or watch the things you gave your life to, broken,
And stoop and build'em up with worn-out tools.

If you can make one heap of all your winnings
And risk it on one turn of pitch-and-toss,
And lose, and start again at your beginnings
And never breathe a word about your loss;
If you can force your heart and nerve and sinew
To serve your turn long after they are gone,
And so hold on when there is nothing in you
Except the Will which says to them: "Hold on!"

If you can talk with crowds and keep your virtue,
Or walk with Kings - nor lose the common touch,
If neither foes nor loving friends can hurt you,
If all men count with you, but none too much;
 If you can fill the unforgiving minute
 With sixty seconds' worth of distance run,
Yours is the Earth and everything that's in it,
And - which is more - you'll be a Man, my son!

Author:
Rudyard Kipling

SE

Se podes conservar cabeza e modos
No caos do que te han culpar á fin,
Se cres en ti, así dubiden todos,
Mais tes tamén en conta o que che din;
Se podes esperar sen te cansares,
Ou, sendo ti mentido, non mentir,
Ou, inda que te odien, non odiares,
E nin de bo nin sabio presumir.

Se soñas, sen facer dos soños lastre;
Se pensas, sen que sexa un fin en si;
Se ves chegar o Triunfo e o Desastre
E trátalos como algo baladí;
Se asomes as verdades que dixeras
Cambiadas por tramposos en ichós,
Ou, véndoo roto, todo o que fixeras
Con vellas ferramentas recompós.

Se xuntas nun montón os beneficios
De toda a vida e xógalos ao chou,
E pérdelos, e volves aos inicios
Sen nunca lamentar o que pasou.
Se, nervio, corazón e mais carraxe
Forzados e gastados, segues ti
Facendo o teu papel sen máis bagaxe
Que a Vontade que manda: "!Sigue así!".

Se entre o vulgo segues inocente,
Ou entre Reis, con modos naturais,
Se es invulnerable para a xente,
Se axudas, sen excesos, aos demais;
Se enches o minuto inexorable
Cos seus segundos íntegros a treu,
Serás da Terra dono indubidable,
E - o que é máis - serás un Home, meu.

Tradutor:
Miguel Anxo Mouriño